


# Roxe Roxe

Se áinda  
somos galegos  
é por obra  
e gracia  
do idioma.

Nº 12

Caldas  
de Reis  
2010.



## A BOS ENTENDEDORES...

*Ilustración de Idalia Oubel*

**P**ois si, ás veces hai cousas que nos resultan difíciles de entender: a magnitud do universo, é difícil de entender; e iso dos números infinitos, é difícil de entender; as metáforas... hai algunas imposibles de entender... Outras cousas caen de caixón, é coma os pasos de laxes nos regatos, se decides cruzar xa sabes cal é o seguinte movemento: pegar chimpós e para adiante, iso é fácil de entender.

Se concordamos nisto, a ver se tamén estamos de acordo no seguinte: o que está pasando no ensino co tema da lingua... iso non hai quen o entenda!

A ver... Tiñades algún problema para entender as Matemáticas en galego? Pois ídeilo seguir tendo (éche o que teñen as matemáticas, un código propio, e se non o entendes tanto ten a lingua na que cho expliquen). Tiñades algún problema para entender a Tecnoloxía? E a Informática? E a Química? Pois ídeilo seguir tendo. O problema non é a lingua na que volas expliquen. Iso xa o sabedes vós, pero hai quen non quere entendelo.

Tiñades algún problema para comunicarvos se non utilizades decote o galego? Pois ídeilo seguir tendo porque as ocasións para aprender a lingua van ser menos. Fixádevos ben, os galegalantes non teñen ningún problema de comunicación, saben galego e castelán; son os castelanfalantes os que din que non se expresan ben en galego. O lóxico é ensinar ao que non sabe. Diso xa vos decatades vós, ero hai quen non quere entendelo.

Coma no río... o lóxico é avanzar. A nosa lingua non está nunha situación normal, precisa que deamos chimpós para adiante. Os que cremos nela pretendemos a súa normalización e non entendemos aos que nos queren facer renunciar ao obxectivo que as propias leis nos marcan. O galego non está na mesma situación que o castelán e a "dinamización" non é abondo, o obxectivo é a "normalización". Por que non queren entendelo?

O próximo curso entra en vigor o Decreto que vai reducir a presenza do galego no ensino. Cando a perda de galego é alarman- te entre a xente nova, quen ten a obriga de protexelo pretende frear a súa presenza na escola. Isto si que é difícil entendelo!!!!



## NORMALIZ-ACCIÓN

### RAPGUEIFAS DA LINGUA

#### Segundo de ESO alfa rapea, orgulloso do galego

Borja e Xabi

As Ritas (Estefanía, Rita, Alicia, Noelia)

Eu o galego quero falar!

E ese Feijoo non me vai calar!

Por iso co rap estou a protestar!

Falo con gheada e falo con seseo

E bailo con Moncha en Carrasedo!

Vexo o Luar, a Mucha e Nucha

E tamén a Carmucha!

Eu o galego quero falar!

E ese Feijoo non me vai calar!

Por iso co rap estou a protestar!

O Feijoo este, quérenos modernizar

E por iso o galego nos quere quitar.

Mira, neno, fala galego!

Que non hai nada máis moderno!

Non é difícil

Hai que facelo

E sobre todo, comprendelo.

É doado falalo e cantalo

Pero hai que intentalo.

Reaccioná, chaval!,

Que non soa mal.

Hai que conservalo

Para que os do futuro

Saiban falalo

Comprendelo e cantalo.

Eu o galego quero falar!

E ese Feijoo non me vai calar!

Por iso co rap estou a protestar!

Entendéchelo, chaval?



ORGULLOSOS  
DO MOSO  
ORGULLOSOS  
DO GALEGO

{ g coordinadora galega  
de equipos  
de normalización e  
dynamización lingüística



ORGULLOSOS  
DO MOSO  
ORGULLOSOS  
DO GALEGO

{ g coordinadora galega  
de equipos  
de normalización e  
dynamización lingüística



ORGULLOSOS  
DO MOSO  
ORGULLOSOS  
DO GALEGO

{ g coordinadora galega  
de equipos  
de normalización e  
dynamización lingüística

*Cristina García Mella e Eva Cereijo Torres*



**eu falo**

**E**xiste unha páxina web en internet chamada EuFalo.tv na que se investigan diferentes aspectos sobre a lingua galega e os falantes. Uns fálana como poden, outros como queren, outros como saben... e outros simplemente, non a fala.

Nesta páxina aparecen diferentes vídeos de persoas que contan a súa pequena historia sobre a lingua. Hai xente que respecta a lingua propia da terra, mentres outros a desprezan como unha calquera...

Aquí, deseguido, imos comentar algúns vídeos moi interesantes e moi variados.

**1º vídeo:** Carlos e Zeus son dous rapaces galegos de entre 19 e 20 anos que viven en Vilalba. Na súa localidade fálase o galego (na gran parte) pero eles prefieren falar o castelán.

Comentan que para eles o galego non ten saídas cara ao futuro, polo que non vale a

pena. Xustifican isto dicindo que nalgúns materias como poden ser Física e Química ou en toda a rama de Ciencias, estudándoas en galego non teñen saída.

A súa maneira de falar sobre o galego demuestra que teñen moitos prexuízos en contra deste.

**2º vídeo:** Xulia é unha nena de 6 anos que se podería considerar un exemplo moi bo a seguir por todos nós. Fala seis linguas: galego, francés, castelán, inglés, portugués, neerlandés e algunha outra máis. É moi intelixente, e respectuosa con cada unha das moitas linguas que ela fala. De ningunha delas di que sexan innecesarias ou que non sirvan para nada; non ten ningún tipo de prexuízos.

Ademais de todas as linguas que fala, Xulia inventou unha chamada "toco", que é unha mestura de todos os idiomas que domina.



# NON DOU DECRETO



3º vídeo: Maruja é unha señora que leva toda a vida falando galego, dende que naceu, no ano 1922, ata agora, 2010.

Nestes últimos anos conta que leva observando como o mundo e a vida diaria cambia, pero, ao mesmo tempo, vai desaparecendo o galego. E para concretar isto, cóntanos que o seu neto, Gonzalo, fala sempre en galego co seu curmán Antón, e que este último, de 11 anos, é o único da súa clase que fala galego.

4º vídeo: profesores dun centro escolar comentan a situación do galego. Eles din que fan todo o posible e o mellor que poden en ensinar e propoñer o galego como lingua primaria, pero soamente se consegue en lugares más rurais, non, como por exemplo, en Vigo. Pois esta cidade é tan grande e tan modernizada, que sería unha tarefa moiísimamente más complexa que o galego progresase axeitadamente. Por iso mesmo a maior parte da poboación de Vigo non utilizan o galego.

5º vídeo: fálannos un pouco sobre o gran número de centros sociais que existen en apoio do galego.

Como o centro social "A Revolta" en Vigo, integrado por un grupo de mozos e mozas que falan galego e fan actividade para axudar a que a lingua non se extinga e se siga falando por un gran número de persoas.

Este tipo de iniciativas están moi ben, pois demostran que non toda e xente nova ten

prexuízos sobre o galego e pensa que é unha lingua que non serve para nada; e ao mesmo tempo axuda a familiarizar a máis xente con esta lingua.

Como vedes, as experiencias que cada un ten coa nosa lingua son moi variadas, esta páxina que vos quixemos comentar (<http://eufalo.tv>) só é un exemplo de que todos/as e cada un/unha de nós ten unha experiencia coa lingua porque a lingua forma parte de nós. Todos/as temos parte no mantemento da lingua... Ti tamén.

Por certo, se ti tamén queres dar a túa opinión hai un lugar onde te agardan, na páxina dos equipos de normalización tamén hai moito que ver...

(<http://www.coordinadoraendl.org/orgullo/>)



Descubre...



os tesouros  
da lingua.

## CRE...ACCIÓN

*Antía Formoso*



## RELATOS

**A**gran paixón da miña avoa Camila era contar historias a miña a de escoitalas, por iso durante moitos anos pasabamos as longas noites de inverno a carón da lareira, ela contando as historias, que por máis que contaba nunca as repetía, e eu escoitando, cada vez máis abraiada co que escoitaba. Moitas das historias facían referencia ás cousas que a ela ou aos seus Iles sucederan mentres traballaban no campo ou cando ían coas vacas. Outras das historias eran iso, historias, aínda que as contaran mil veces nunca deixarían de ser iso, historias. Entre estas as que más abundaban eran as de aparicións de defuntos.

Tiña eu quince ou dezaiseis anos, non me lembro moi ben da idade xusta, cando me ocorreu un sucedido, que ben me podedes crer que foi verdade.

A historia foi a seguinte. Era novembro, o mes dos defuntos, lémbrome coma se fose hoxe. Aquel día quedara a estudar na casa dunha compañeira. Enseguida veu a noite así que cando chegou a hora de marchar para a casa xa estaba todo moi escuro, pero eu non tiña medo de nada nin de ningún



*Relatos de Estefanía Conde*

*Debuxos de Cristina Janza*

por iso, a pesar de que os pais da miña amiga insistiron en acompañarme ata a casa, eu decidín ir soa. Era unha noite moi chuviosa. Xa estaba preto da miña cando marchou a luz, aínda así eu seguía sen ter medo, pero... de súpito algo apareceu diante dos meus ollos, era un esqueleto! Eu

pechei e volvín a abrir os ollos, o esqueleto seguía alí. E dixen murmurando: *Fani, isto só ocorre nas historias que conta a avoa.* Apartei o esqueleto e seguí camiñando pero aquel monllo de ósos volveuse a poñer diante miña e volvín dicir: *Fani, isto só ocorre nas historias que conta a avoa.* Volvín arredar-me do esqueleto e a

proseguir o meu camiño. Pero o esqueleto volveuse por diante miña e eu volvín repetir con máis forza aínda: *Fani Fani! isto non é verdade, só ocorre nas historias da avoa.* Nese intre, o esqueleto dixo:

-Non, Fani non, equivócaste.

A realidade sempre, ou case sempre, supera a ficción. Eu, deixando a un lado o medo, atrevinme a preguntarlle:



-Ti quen es? E que queres de min?

Respondeu de inmediato

-Son Chucho o das mil historias e vivín aquí hai moitos, moitos, moitos anos e, ao igual que á túa avoa, gustábame moito contar historias. Agora, dende o máis alá estou a ollar como cada vez se contan menos historias debido á televisión e ao ordenador. O problema non é que deixen de contarse, o problema é que se está a perder parte da historia do noso pobo. Por iso me presento ante ti para pedirche que fagas como a túa avoa e que contes todas as historias que ela che contou para que así non caian no esquecemento. E os nenos gocen con elas tanto coma un día o fixeches ti.

Coa mesma, o esqueleto desapareceu da miña vista deixando tras de si unha nube de po. Eu continuei o meu camiño ata a casa, coma se nada. Xa na casa, despois de cear, decidín poñerme a escribir as historias que me contara a avoa, para que non caeran no esquecemento. Dende aquela todas as tardes-noites dos sábados dos meses de inverno xunto os nenos da aldea e cóntolle as historias. Quedo abraiada ao ver como lles gusta oílas así que pídos, rapaces, que contedes as vosas historias porque así faredes felices a moitos meniños e ademais daredes vida á vosa cultura galega.

Non, non, isto non é unha historia é a realidade. Os nenos non é que non queiran escoitárllelas, o problema é que non teñen quen as conten.



**E**ran ás cinco da tarde do 25 de xullo. Os vellos da aldea de Barro que estaban sentados diante das súas casas para soportar mellor a calor daquel día tan abafante, de súpeto, viron como unha gran manada de cans viñan de Pontevedra e dirección Santiago de Compostela, a tanta velocidade, que case se facía imposible saber de que animais se trataba. A esta gran manada únionselle os cans da zona que andaban ceibos, e aqueles que estaban presos, que eran ben poucos, matábanse vivos a ladrar.

Ás cinco e tres minutos, esta manada pasaba por Briallos deixando pampos aqueles vellos que estaban sentados ao fresco, á beira da estrada. Igual que sucedera en Barro, os cans desta zona tamén se sumaron ao grupo. Aqueles de Briallos que viran tal fenómeno chamaron aos seus veciños de Barro para saber se estes tamén o viran e preguntarles se sabían de que se trataba.

Ás cinco e seis minutos a manada pasaba





## POESÍA

*Versos de Antía González*

*Debuxos de Lara Piñeiro*



un

por Arcos. Aínda que foron moitos os que o viron, foron poucos os que se atreveron a decir que eran cans, xa que fan a tanta velocidade que se facía difícil distinguilos. Os cans de Arcos tamén se uniron ao grupo. Os teléfonos non deixaban de soar, eran os veciños de Barro e de Briallos que chambaban para preguntar se os cans tamén pasaban por alí.

Que estaba ocorrendo? De que fuxían os cans? Nunca ninguén vira tal cousa, nin os más velloz da zona.

Ás cinco e oito minutos eran os veciños de Tibo os que vían pasar os cans a tanta velocidade, que era unha cousa vista e non vista. Semellaba que estaban tolos pero, por que? Que cousa os fixera tollear de semellante maneira? Os cans de Tibo tamén se sumaron á marcha.

Ás cinco e doce minutos esta gran manada pasaba por Carracedo, e como non?, os cans ceibos tamén se unían. A xente pegouse ao teléfono. Uns a recibir chamadas, e outros, a chamar na procura de respuestas: Que estaba a pasar? De que fuxían? Cara a onde ían? Pero ninguén tiña as respuestas.

Ás cinco e vinte un gran terremoto sacudiu a provincia de Pontevedra.

Dous días despois, cando xa a normalidade ía volvendo pouco a pouco, as persoas que viran o fenómeno dos cans empezaron a comprender que os animais percibiran o terremoto antes de que se producira a sacudida e intentaban fuxir.

Arremete o vento contra as túas meixelas intentando espertar esa alma que xa non é túa. Onde se atopa? Quen a levou?

Espero que fose a andoriña que voa libre sobre o ceo percorrendo o mundo, mais, por que non a tes ti?

É túa, perténceche, contigo ha de estar mellor, e ti con ela... Acaso non a queres, non che gusta?

Coa súa cor transparente, a súa música silenciosa chea de ritmos irregulares e interminables cadencias. brincadeira coma ela soa, divertida, única.

Non o entendo. Deberías estar buscándoa debaixo das rochas, enriba das nubes, no medio das pozas.





Sen elas es un ser baleiro, sen vida e sen norte.

Aínda estás a tempo. Búscaa non te rendas porque as almas non morren.

Tan só lles gusta xogar ás agachadas.

### dous

Que foi dos beixos  
con loucura malgastados?  
tan só una vaga lembranza  
de quen non quere ser lembrado.

E esas palabras fermosas  
ao teu ser dedicadas?  
Tan só impasibles mentiras  
por un mentireiro expresadas.

Que hai daqueles beizos  
inclinados nun sorriso?  
Tan só un xesto esquecido,  
tan só un xesto esquecido.

E esas bonitas miradas  
dos vosos segredos cómplices?  
Tan só pantasmas sen vida  
tan só recordos do onte.

Crávase en min  
un etéreo pensamento  
froito do fugaz pasado.  
froito do pecado efémero



**poemas**

*Versos de Adrián Romero*

*Debuxos de Antía Formoso e Idalia Oubel*



Sempre encontrei  
rexoitamento polo ser  
ser nado en min  
e nunca gardei  
encontros de boas  
propios de bos.

Sempre serei  
soños rotos  
praceres da conciencia  
e nunca estarei  
convencido de todos  
os antigos erros.

E cástame ver  
como empezar  
e cástame seguir  
como manter  
o espírito galego.

Sempre busquei  
sentimentos artificiais  
propios da moda  
e nunca esperei  
encontrarme brazais  
naturais dos amores.

Sempre. Terei  
esperanzas volátiles  
experiencias da vida  
e nunca comprei  
novas fraxilidades  
que non quero.

E fácil ver  
como finalizan  
é fácil desistir  
como rachan  
o espírito galego.

II

ás veces dános por medo ó novo amor.

Fuxir non é fácil  
áinda que o necesitemos  
é torturarnos de forma vil  
áinda que o necesitemos.

Volver a verte, e encontra-lo  
áinda que sexa difícil aceptareíno e mirareí  
por outra  
e sei que non está preparado pero  
áinda que sexa difícil aceptareíno e mirareí  
por outra


Vivir con nós un intre  
ás veces faise difícil a pesar do bo  
e non olvidar que o acto indesexable  
as veces faise difícil a pesar do bo.



Odio todo o teu recordo  
sempre encontro reflexos teus  
e sabendo que eles caeran no olvido  
sempre encontro reflexos teus.

Merezo non ter alguacil  
sempre que sinta a dor, e teña o arrepenti-  
mento  
e de verdade, xa non terei o aire xuvenil  
sempre que sinta a dor, e teña  
o arrepentimento.

Vivir se cres en novas, é soluble  
ás veces dános por medo ó novo amor  
e sabemos que poden ver con novos ollos  
a novidade





III

Cando sen pensalo afogamos  
nesas liñas imaxinarias que é o tempo  
sentimos tanto, queremos dar marcha atrás  
e non podemos , asumimos  
o que temos, o noso  
e loitamos polo novo, dia a dia  
buscamos esas forzas.

Como o orballo da mañá, esvaecemos  
esténdese a liña dos olvidos,  
e cae como o comezo a cinza  
sobre unha posible descendencia, que se  
cultivan con estes versos  
non son verbas para as depresións, nunca  
darán a vida á salga  
porque coa realidade nunca vén  
a bolboreta, pero acaban as decepcións .

poema

*Versos de Sergio Castromán*

*Debuxos de Antía Formoso e Cristina Janza*



Empezar de novo  
cunha cara sorrinte  
unha máscara de cera  
que oculta quen de verdade es

un negro buraco no teu peito  
onde antes había un corazón  
cambia alegría por tristura  
devora o pouco que quedaba do teu ser





esa máscara de cera  
tan só oculta unha apariencia  
o monstro no que te convertiches  
a cadea que ao seu xeito rota está


Libérase o animal que durmía dentro  
unha escura besta, sen corazón chamado  
nunha terra desolada  
unha chuva de gotas de metal

Un mundo completamente inestábel  
unha corrente de negro ar frío  
envolve moi pouco a pouco  
toda a luz de esperanza existente

colle o teu lapis.

Con coitelos e lapis esta guerra librei  
con palabras non detés balas  
pero si a quien dispara

rompe a máscara nunha terra chamada  
miseria  
nada está inda perdido  
todo se repite volve comezar.  
Unha besta chamada despotismo.



*Debuxo de Juan Chenlo*



**CONCURSO DE MICRORRELATOS  
E MICROPOEMAS TERRAS DO UMIA**

**MICROPOEMAS**

**Categoría C**

**Creando na terra**

Baixo a sombra dun carballo  
contemplei a miña terra,  
escoitei cantar os mouscos  
mentres vía voar as meigas.

*Antía González*

**Enchendo os pés de lama**

Enchendo os pés de lama,  
plantando o que más amas  
nas terras solitarias  
creando cando labras.

*Ana Flores*

**Poema**

A terra non ten corazón,  
A terra só ten rancor.

*David Blanco*

**Categoría D****A miña terra**

Terra da miña infancia,  
terra do meu corazón.  
Miña Galiza querida,  
Galicia do meu amor.

*Alba Loureiro***Somos parvos...**

somos pobres, somos parvos?  
e nós!, áinda por riba crémolo  
e botámoslle a culpa  
á lingua da nosa terra.

*Juanjo Arzúa***Categoría E****Grazas**

Pola fraga recostada na ladeira,  
o marmurio do regueiro entre as acacias,  
embaixadas de color en primavera:  
tantos soños vexetais, ou terra, gracias!

*Chema***A terra doce**

A TERRA UN TERRÓN DE AZUCRE,  
O AZUCRE A TERRA SEN MARTE,  
SEN MARTES NON HAI TERRA,  
A TERRA TAMÉN ERRA

*Pepe Escudero***Vivo**

Na lama remata  
o que a terra derrete.  
Non semento: vivo  
e nela revertete.

*Ana Rial***MICRORRELATOS****Categoría C***Debuxos de Idalia Oubel e Cristina Sánchez***Aproveitar**

Día chuvioso. Óense as pingas caer polo cano abaixo, a ventá reflecte un mapa que incita

A quedar na casa á calor do fogar. Ao fondo aparecen os primeiros raios do día, os rapaces comezan a saír ao campo no que a terra xa pasou a ser lama, os rapaces xogan, emporcállanse e botan unhas risas.

*Luís Manuel Briones***Saudade**


Saudade. Agora comprendía o significado daquela palabra. Áinda non pasara moito tempo dende que deixara a súa terra e se embarcara naquela viaxe na procura dun futuro incerto, pero os seus recordos producían decote á súa vila natal, quizais temerosos de que co paso do tempo rematasen por caer no esquecemento.





Porque estaba seguro de que había pasar moito tempo ata que os seus pés pisasen de novo os retortos camiños nos que xogaba de cativo, ata que volvese respirar o recendo da herba mollada polo orballo, ata que recibise o cálido abrazo de benvida das xentes que o viran nacer. Moito tempo. Nostalgia.

*José Manuel Busto*



## Principio do fin

Era unha tarde de xaneiro, o vento sopraba tristeiro, arrolando as flores que ficaban debaixo da pedra. Pequenas gotas de choiva caían na miña cara, ocultando as bágoas da perda.

Os meus ollos xa estaban cansos, de tantas noites de insomnio, pero ainda lían por última vez o teu nome. Agora só quedaba iso, unha pedra co teu nome e un nicho baixo a terra, no que pouco a pouco converteríaste en po.

Que Deus mo perdoe, pero agora o único que sinto é alivio.

Por fin poderei abrir as miñas ás mentres curan as miñas feridas co teu pasado.

*Cristina Janza*

## Categoría D

### A peor das solucións

Cruzas a rúa, cunhas zapatillas novas, volves, coas zapatillas cheas de terra, cruzas a rúa, preparado para o cole, volves, con ganas cambiar de cole, cruzas a rúa, con ganas de novas experiencias, volves, cun castigo da profesora de ciencias, cruzas a rúa, coa túa noiva, volves, a patadas coas pedras, cruzas a rúa, con ganas de festa, volves, maldicindo a cervexa, cruzas a rúa, con ideas de futuro, pero, no peto non tes un duro. Cruzas a rúa, con ganas de cambiar o mundo, pero pasas o dia vendo a tele, xa non cruza a rúa.

*Julián González*

### Noite vermelha

Tiña os pés manchados de terra. Avanzaba sen pensar, con xesto cansado baixo as luces mortecinas dos farois da rúa. A suor bañaba a súa fronte a pesar do frío. Detívose baixo un dos focos de luz. Volveu a mirada, áinda se vían as árbores que daban paso á macabra e densa estensión de escuridade, aquel lugar no que ninguén se atrevía a entrar. Sacou as mans dos petos do gastado abrigo e entón viuno, viu a sustancia densa, algo pegañenta, dun vermello escuro que impregnaba as súas mans. De súpeto fixose real. Os seus peores temores, facíanse reais?

*Idalia Oubel*

## Só palabras

Auga, terra, árbores,  
mares, camiños, montes,  
océanos, nacións...non contes.  
Xente: amable, agarimosa,  
tranquila, traballadora, non cobizosa.  
Futbolín, croios, caldo, viño,  
Santa Compañía, meigas e niños.  
Morriña, sempre morriña,  
momentos en que só me quedan  
palabras da terra miña.

*Beltrán Álvarez.*

## Categoría C

### Terra

- Verde?
- Si, e xa foi máis.
- Marrón?
- Xaora!, é a esencia
- Azul?
- Si, e branca.
- Vermella?
- Tinguiuse coa dor dos que a quixeron.  
A algúns a-terra como destino; eu, alba,  
aspiro a esluírmel entre as súas cores.

*Ana Rial*

### A Terra aterra

A Terra aterra

*Pedro Lamas*

## A cegas

Canta xente soa nesta terra infinda!  
Ninguén se coñece, ninguén se mira, ninguén se escucha, ninguén se toca.  
Pechados en cárceres de medo,  
adivinhamos as poutas afiadas, o garamelo agochado.  
Apenas, no espello,  
a imaxe fuxidía dun amigo ou dunha amiga  
que se alonxa.  
Ás veces arrecia o vendaval,  
pero non hai portos nin riveiras,  
ningún camiño que nos leve a ningún lado.  
Cegos, en silencio,  
corremos cobizosos cara a un futuro  
incerto  
que imos borrando  
paso a paso!

*Chema*

## Mención especial

### O caracol e o señor

Érase unha vez un señor que vivía na Terra.  
O home traballaba na terra.  
Facía buracosna terra e plantaba limoeiros.  
Un día cavando na terra atopou un caracol  
cuns cornos que chegaban ata o sol. O home  
asustouse, colleuno e levouno para a casa.  
Meteuno nunha caixa de zapatos e fixo uns  
buracos na tapa para sacar os cornos.

*Juan Chenlo Mosteiro*



*Juan Chenlo*

# COLABOR-ACCIONES

## CLUB DE LECTURA

Micaela Martínez Furtado



utro ano que remata e dende o Club de lectura queremos dicirvos un "ata logo".

Este ano compartimos moitas actividades, entre as últimas está o "bookcrossing" no que participaron diversos cursos. Para os que non o saibán, o "bookcrossing" consiste en liberar libros nosos que nos gustaron (ou o contrario, que non volveríamos ler...) deixándoos en lugares **concretos** para que despois os interesados poidan lelos e intercambiar sensacións e opinión sobre a súa lectura.

(se vos interesa o tema, aquí vos pegamos unha imaxe da páxina onde podeis entrar: <http://www.bookcrossing.com>).

E, como todas as boas traxectorias teñen un bo fin, nós non queríamos ser menos. O vindeiro 25 de xuño encamiñarémonos



a Portugal, a Viana do Castelo, onde compartiremos un día cos clubs de lectura do CPI de Cuntis e do IES de Porto do Son. Visitaremos a súa prestixiosa biblioteca e dormiremos na Pousada da Juventude.

Por último, queremos darles as grazas a Ana, a Pedro e a Loli que fan posible esta actividade. E tamén queremos animarvos a que vos apuntedes para os seguintes cursos, xa que non só lemos senón que tamén facemos actividades que, ademais de didácticas, son moi divertidas.




Boas vacacións para todos e todas e moi to ánimo aos/ás que tendes que estudar!!



## GRUPO DE IGUALDADE



grupo de igualdade non é una actividade académica, nin tan sequera complementaria, non é una simple reunión de profes e alumnado, é moito máis ... É sentimento. Sentimento de sentirmonos doces; amigos, amigas, compañeiros , compañeiras, de construir, de crear coas verbas e acción actos de dignidade. E procurarmos sempre unha luz, un brillo que chegue ao resto da comunidade educativa ... e pintar con cores os recreos dos xoves. E escutar a voz amábel de Chema, de sentir como Adrián está a espera de que chegue o resto. Que a xente de primeiro de ESO pareza que se reproduce e medre o club, que chegue Fabiola e dea un sorriso á reunión, que Celia acariñe con toda a súa forza, que en fin, que entre todos e todas desexamos que algúñ díá ... como dicía Lennon "Imagine" ..... e agora invitámosvos a berrar:



## COMO PERDEMOS O TEMPO ?


Adrián Romero

**N**ós perdemos o tempo de moitas maneiras, para empezar escribindo cousas como esta, e ti lénndoas. Pero supoño que as cousas nas que perdemos o tempo non nos son as útiles.

Nós, o grupo de igualdade, "a secta", coñecido así (quen o coñeza), somos un grupo que se dedica a perder o tempo, a perder o noso e encher o tempo que non perdedes e deberiades.

Ao longo do curso e ata o final perdemos o tempo en numerosas actividades que só serviron para ver a pasividade da xente, e a escasa actuación. Temos tanta proxección coma vós preocupación, tanta actitude coma vós pasividade. Loxicamente non toda a xente é así e grazas a que quedan persoas con principios algúns non son cabezas cheas de serrín.

A actitude do noso grupo, sendo poucos, ten máis efectividade da que a xente pensa e da que se pode ver. A visión do mundo doutras persoas É, evidentemente, moi distinta da nosa. Nós vemos o mundo e intentámolo cambiar a base de actividade. Movemento..., recoñezo que non somos rápidos e cástanos levantar o vo nas actividades, e mentiría se dixese que non afecta oír que non merecen a pena. Só temos un



pequeno defecto, fáltanos forza, xente, más unión. Si, si, más, porque tendo só un pouco más, os cambios que conseguirmos serían enormes, tede en conta que cos poucos que somos xa conseguimos mobiliación, si, áinda que pareza mentira.

Porque somos o aburrimiento convertido en enerxía, a preguiza transformada en logros, o esforzo sen cansanzo, a máxima potencia, o potencial invisible... pero, claro, non todo o mundo sabe ver o potencial onde o hai.

# 1, 2, 3 ... ACCIÓN

## NA SALA DE PROFESORES/AS

*Maria Gradín, Lara Piñeiro, Lorena Duro e Clara Tobío*

**Candal:** vós non tendes clase?

**Celia:** kiwis,pimentos!! Imos facer una presentación en power pon!!

**Escudero:** piensa lo que dices antes de decir lo que piensas.

**Esther:** el mar, el mar y no pensar en nada.

**Teresa:** dímelo en cristiano...

Ronaldo!!

**Hilda:** No confundamos los términos.

**Antonio Ramil:** no tengo por qué aguantá vues- tras impertinencias, po favó.

**Pepe:** é obvio.

**J.M.Fandiño:**

tedes que perdoar... pero é que...teño que ir ao baño...sabedes que un ás veces ten necesidades e...

**Ángeles:** eres libre de facer o que quieras.¡Libre como el viento!

**Pepe:** cagando hostias!!

**Margarita:** que pasa, que vós non cagades?

Todos á vez: non!

**Pepe:** pois tivéstelo que ver nun puto documental de merda.

**Rosa Mari:** sois terribles.

**Suso:** tes un negativo, recórdame despois que cho poña.

**Angeles:** ponlle dous negativos: un por ser persoa e outro por non ter os deberes,vale? Hai que ser legal!

**Pepe:** pensa coa cabeza e non cos pelos do cu.

**Socorro:** callaos...que...si no (baixando o volume) no os concentraisss...

**Ana:** en vez de callaos ó mellor estaban líquidos.

**Escudero:** los chistes malos se sacan de la chistera (só el) jajajajajaja

**Ana:** vouche morder un olllo e vou facer un bocadillo con el.

**Escudero:** mellor iso que suicidarse, porque suicidarse ten unha cousa mala: que se che gusta non podes repetir.

( toca o timbre e todo volve á normalidade.)



## VOCABULARIO BÁSICO



Abrahan Sande, 1º C




estes días, está claro que se queres pillar algo hai que estar á ultima. Aquí che ofrecemos esta axudiña, un manual bási-  
co para manexarte entre nós:

- Quedou mallado!
- Oes ti...?
- Ei, meu!
- Ghíndate do carro!
- De valentes está cheo o cemiterio!
- O que non mata engorda!
- É louco polas chulas!
- Cago na cuxa cubana!
- Un home é un home ainda que lle pega a muller!
- Se vén unha guerra...
- Maloserá!
- Deus nos colla confesados...!
- A onde irás sen paraugas....
- Pola sombra!
- Non tente-lo demo...
- Pasa cuca ou non ve-la vara?
- E logo ti de quen vés sendo?
- O que non quere unha taza, dánsele dúas!
- Vas cagar croquetas!
- Ponteme ó rejo...
- Imos botar frebas?
- A tomar vento!
- Viche-lo lobo?

- A pixa!
- Canto fai xa, meu!
- Meu pobre!
- Deus dea cortellos que porcos hai bastantes!
- A morrer á casa!



## PARABÉNS, PARA QUÍMICO



**A**sí dá gusto: José Manuel Bustos Leis do noso instituto, IES Aquis Celenis de Caldas de Reis, quedou en segundo lugar (medalla de prata) na II Olimpiada de Química para alumnos de ESO de toda Galiza que tivo lugar o 27 de maio na Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela.

Jose estivo acompañado pola profesora de Química, María de Carmen Fernández

(Carmela). Esta fase final na que concorren 72 estudiantes desenvolveuse ao longo de todo o día. Pola mañá fixeron a proba escrita e pola tarde fixeron prácticas no Laboratorio da Facultade. Ao final do día nun acto solemne coa presencia do Presidente da Xunta, o Presidente do Colexio de Químicos e o Presidente de Alcoa entregáronse os premios correspondentes ós tres primeiros e diplomas a todos os participantes

## A CHORAR A CALDAS

# SER DE 1º C E NON MORRER NO INTENTO

Texto de Abraham Sande e debuxo de Cristina Janza

**M**oi boas compañeir@s, en especial os de 1ºC (que segundo a idea que teñen de nós os profesores, sei que non ides ler isto nin de broma...). Con este texto, quero describirvos o que é estar nunha clase onde todos os profesores te tratan de parvo, por diciloalgún xeito. É ben sabido que na primeira semana de curso, os profesores fanse unha idea de como é o ambiente da clase e o traballo na aula. Pois ben, na primeira semana do curso debemos escutar na nosa clase como unhas 20 veces (por profesor) que eramos o peor curso de todo primeiro. Ata aí xa o imaxinabamos, porque seremos vagos..., pero non parvos. Pero non conformes, dinnos que somos o peor curso que pasou polo centro en moitos,moitos anos. Pero imos ver..., pensades que nos motivades ou que? Carallo!, con esa ansia non hai quien queira traballar! Así vai o país! Pero sabedes que é o importante? Que temos algo que non ten ningún outro curso. Algunha vez vistes un alumno de 1ºC cabreado porque o boten fóra ou algo parecido? NON! Por que? Pois pola autoestima e personalidade que temos. Claramente, por iso non imos aprobar todo nin moi meno (vamos, que debemos ter unha media de 5 suspensas por cabeza, incluso os que non teñen moita "cabesiña"...!) pero o alumno de 1ºC non desespera... É máis, o alumno desta clase remata o curso cunha satisfacción como se aprobase todo, quedándolle ao mellor 5, 6... Manda truco... A ver quien é capaz de ter tal satisfacción? Iso é personalidade, señores e señoras, iso é capacidade! Se hai algo que se aprende nesa aula, e isto vai para os profesores, é a ser persoas. Se ao



final, nun mundo tan competitivo e insolidario como este, imos ser nós, os de 1ºC, os que construamos unha mellor sociedade, e senón, tempo ó tempo... En moi poucas aulas, por non decir en ningunha, hai o bo ambiente que hai na nosa. E que somos especiais, temos talento! Un bocadillo na de Mari costa 1€, unha auga 0'30€, unha palmera 0'80€... Estar en 1ºC, non ten prezo!

# CHORAR POR CHORAR



ós, pobres e sufridos/as estudiantes, pedimos a nosa esmola particular a través de choromigar polos recunchos do instituto as enormes e terríbeisinxustizas que golpean os nosos corazóns nobres e delicados .Velaí un listado de situacións que nos enchen de amargura:

O cheiro a “ambientador” recen posto nos baños de abaxo.

O frío que pasamos na aula de música.

Os profesores teñen mellores cadeiras (menos a de 1º B) pero pasámosillo porque despois reséntenselle os ósos.

Os ordenadores das aulas están para adornar.  
PD: Ana Rial sabemos o teu contrasinal.

Non hai paraugüeiros nas aulas e non se poden deixar abaxo porque os rouban.

Máis mesas nos Choróns!! (by FANADORES S.A.).

Non hai xabón nos baños.

Terían que revisar as lámpadas (a nosa clase parece unha discoteca).

Poñer un bingo na biblioteca.

Para que están as duchas dos vestuarios??

As herbas de 1.8 metros impiden o movemento escolar.

Queremos uns recreativos en secretaría e poñer a Maite no despacho do director, que é moi grande.

Máis pelotas de ping-pong.

Máis horas de ocio e menos horas de traballo.

*María Gradín, Lara Piñeiro, Lorena Duro*

Máis excursións. (porque Londres, Francia, O Cebreiro, Porto, Cabana de Bergantiños, Viana do Castelo, Camiño de Santiago, Lugo, Foz, Pontevedra..... non nos chegan).

Máis cadeiras, queremos facer unha cacharela e saltala en San Xoán.

Aire acondicionado, queremos xeados en vez de bocadillos.

Pero todas estas cousas non son nada comparadas coa dor provocada polo oco que nos van deixar no noso centro e no noso corazón, por isto, si que realmente teremos que chorar e, como di Beltrán:

*“Pepe, un gran profesor, pero que en ocasiones no ten en cuenta a opinión dos seus alumnos. “Aquí o xefe son eu”, con esa frase poderíamos resumir moi ben a súa actitude na clase.*


*Agora voume centrar no motivo que me impulsa a facer esta critica (que aínda terá mais peso como non consiga aprobar as súas materias este ano), ese motivo é a súa saída do instituto. Xa sei que non ten volta atrás pero estaría disposto a intentar mellorar o meu comportamento a cambio da túa permanencia neste centro, xa sei que son un egocéntrico e que non son o único problema, pero por algo se ten que comezar . PEPE QUÉéDATE!*

*Unámonos para conseguir a súa permanencia ou, como mínimo, facerlle máis desagradables estes últimos días para que se vaia por algo”.*

## VIAX-ANDO

### PROXECTO TERRA EN PORTO

Lorena Cobas, Sheila Couselo, Cristina García e Eva Cereijo



pasado martes 11 de Maio, os alumnos e alumnas de 3º ESO visitamos a cidade de Porto.

Ó chegar alí, fixemos unha visita guiada en autobús. Logo pola tarde fomos en metro ata chegar á **CASA DA MÚSICA**, onde realizamos unha serie de actividades co noso corpo, coa voz... Os monitores que nos guiaron eran moi agradables, e a pesar de que falaban portugués entendíáselles moi ben, ou polo menos facían o posible para que os entendésemos.


Despois aloxámonos na **POUSADA DA JUVENTUDE**. Onde nos deron de cear e de almorzar.

Ó levantarmonos tivemos que recoller todo e logo fomos pasear pola cidade cun guía. Observamos que a xente de alá é moito más educada e respectaban moito más o noso pobo que nós o deles; isto é, alegrábanse moito de que mozos e mozas galegos estivesen visitando a súa cidade. En principio non tivemos moito problema para entendernos cos camareiros/as dos restaurantes e cafeterías e coas dependentas das tendas, pois facían todo o posible para que nos entendésemos.

Despois dese paseo fomos ao **MUSEO DE SERRALVES**, que tiña un gran xardín, no que había unha casa que pertencía a uns condes. No museo fixemos unha serie de exercicios coas sombras. Logo diso comemos nunha pequena parte dese enorme xardín e despois duns bos risos xogando ao cabaliño voltamos Á NOSA TERRA!!!! ☺

## BOTANDO O MAR TERRA ADENTRO.....

*Luís Manuel Briones*



s cursos de cuarto e terceiro da ESO participamos nun intercambio de cartas co CPI As Revoltas. Vou explicar un pouco en que consistiu esta experiencia:

Comezamos por enviarnos cartas para conñecernos, na primeira presentámonos e falamos de nós. Na segunda e na terceira falamos sobre Caldas e Cabana.

Os coruñeses viñeron a Caldas un xoves, chegaron ás 11 tras dúas horas de viaxe. Unha vez aquí saudámonos e fómonos presentando pouco a pouco, aínda que estabamos un pouco cortados xa que era a primeira vez que nos viamos.



Despois fomos ao auditorio onde fixemos unha pequena parada para contemplar o Tesouro, e a continuación seguimos coa andaina ata chegar ao balneario, onde visitamos as súas instalacións.



## ... DE CALDAS A CABANA



Xa con fame demos unha volta preto do río ata chegar á Fervenza onde xantamos e falamos cos nosos correspondentes.



Á tarde, tras dixerir o xantar, montamos no autobús camiño de Pontevedra onde, xa cansados, demos unha volta para ver as cousas más características desta cidade. Ás seis despedímonos deles e gozamos dun pouco de tempo libre.

Á semana seguinte, o martes, fomos nós alá. Ao chegar saudámonos, esta vez doutro xeito xa que non era a primeira vez que nos viam e había máis confianza. Tras os saúdos vimos un vídeo sobre Cabana. A continuación leváronnos a coñecer o castro da cidade de Borneiro, despois seguimos unha rota estupenda preto dun río e chea de muíños. Para xantar fomos a un parque preto da praia de Balarés.


A continuación fomos ao cabo Roncudo, de onde marchamos rápido xa que co vento non se paraba.

Para finalizar a visita fomos ata Laxe, onde nos despedimos dos nosos amigos de Cabana e logo nós demos unha voltiña.

Pódese dicir que foi unha experiencia inesquecible e ademais gañamos uns amigos cos que nos seguiremos comunicando, iso si, sempre en galego...

## INTERCAMBIO TERRITORIAL CEBREIRO-SAMOS

*Luís Martín Agrelo*



**C**omo xa fixemos o ano pasado, naquel caso en Portugal, este ano viaxamos aos Ancares, unha paraxe espectacular e de gran pureza e, aínda que o tempo non acompañara, nunca está de máis unha excursión como esta. Como xa imaxinabamos o dura que ía ser esta saída todos fomos máis ou menos preparados para a ocasión.

A primeira parada foi O Cebreiro, un poboado de moito valor cultural, xa que se di que na súa igrexa gárdase o Santo Grial. Tamén é importante por conservar as antigas casas típicas da zona ou pallozas. Despois disto tocounos andar uns dez quilómetros do Camiño de Santiago, ós poucos incluso saraibou e, a verdade é que foi bastante complicada. Cando chegamos ao albergue en Triacastela e despois dalgunhas pelexas, repartimos as habitacións e ceamos. Pola noite, como era de esperar, non nos deitamos precisamente cedo, pero todos o pasamos moi ben.

Ao día seguinte non todo o mundo estaba coas pilas recargadas pero había que continuar coa excursión. Primeiro fixemos

un pequeno curso de liño nun tear artesán, onde elaboramos un pano bastante simple. Aínda que seguía a chover fixemos outros sete quilómetros para chegar á parada final, Samos, onde visitamos o impresionante Mosteiro.

Como todo o mundo estaba canso, notouse ben no autobús, e o tempo non acompañaba decidimos volver antes de tempo á casa.

## VIAXE CULTURAL A LONDRES

Alejandra, Cris, Juanma, Juan e Diego. Escrito por Alejandra.

Domingo 21-III-2010.



Luns foi o mellor día que pasamos en Londres. Pola mañá foi un día normal de visitas e pola tarde, ao chegarmos ao museo de Madame Tussaud, nós os cinco marchamos explorar Londres. Saímos do museo e chegamos a Oxford Street, pero estaba todo cerrado. Como queriamos ir ao Hard Rock, preguntamos nunha das poucas tendas que estaba aberta e a dependenta guionous mal, entón chegamos a Picadilly. Alí preguntámoslle a un home como podíamos chegar, díxonos que collésemos o autobús 38 que nos deixaba en Green Park (enfrente do Hard Rock). Estabamos esperando na estación e cando chegou o bus, entramos sen máis; o condutor mirounos con cara rara e botounos fóra porque resulta que había que quitar un ticket. Dixémoslle que esperase mentres quitabamos o ticket e arrancou sen nós; vaia risos que botamos! Pillamos un taxi e levounos ao Hard Rock, alí fixemos as nosas compras e volvemos pedir outro taxi. Cris, co seu marabiloso inglés, pediuulle ao taxista que nos levase a un MacDonalds para cear, en Oxford Street. As palabras textuais de Cris foron: "MacDonalds in Oxford Street"; como había tres nesa rúa, Cris díxolle: "Un, dous, tres. Este, o dous, o de aquí". E o taxista, como puido, levounos e deixounos xusto diante do MacDonalds. Tomamos as nosas hamburguesas e os Chicken Nuggets con patacas fritidas e a bebida e marcha-



mos deixando todo sen recoller. Ao saímos á rúa, como ainda tiñamos tempo de sobra, botamos a andar rúa arriba, sen rumbo. Metémonos por unha calella moi estreita e nas portas e fiestras que daban a esa calella había moitos globos rosas e brancos; cada un levou dous (que, ao chegarmos ao hotel, colgamos nas lámpadas que había enriba do cabeceiro da cama) e a xente que pasa-



ba pola rúa quedaba mirando para nós. Había dous globos que se nos resistían e que estaban enganchados nunha tubaría, entón tiramos dela e desenganchouse, collemos os globos e botamos a correr. Estabamos perdidos pero nós seguimos investigando calellas. Tiñamos sede e entramos nun bar, iamos sentar e de súpito Juanma e Diego fixáronse en que o home que estaba na mesa de enfrente era o ex-adestrador do Atlético de Madrid. Empezamos a falar cun ton de voz



forte, intentando que algún lle fose pedir se podía quitar unha foto connosco. Entón o camareiro achegouse a nós a botounos do bar, díxonos que tiñamos que ter máis de 21 anos para estar alí dentro. Pero eu creo que iso foi unha excusa polo balbordo que estabamos a montar. Fóra do bar había unhas mesas, Cris subiu nunha das cadeiras e a través do cristal sacoulle unha foto, pero saíu mal xa que había un home calvo ao seu lado e o flash reflectiulle na cabeza. Botamos a correr por se saía o dono. Metémonos por outra calella berrando, saltando, facendo de todo; Juan e Juanma fan diante e o resto íamos detrás, entón eu de súpeto decateime de que había cámaras de seguridade diante de todas as portas; e resulta que estabamos na entrada do cuartel da policía. Botamos a correr como tolos até que nos afastamos bastante de alí. Xa era algo tarde e intentamos buscar unha saída para poder chegar onde o resto. Chegamos a un barrio de ricos e sacamos unha foto cun coche; logo, puxémonos no medio dun paso de peóns (como os de España, un dos poucos que atopamos en todo Londres) e quitamos unha foto como a dos Beatles. Por fin, saímos dos rueiros e chegamos a unha rúa moi transitada, pero como só faltaban 10 minutos para a hora que nos fixaran, pedimos un taxi. E resultou que estabamos tan lonxe como pensabamos (só a 5 minutos en taxi). Parounos xusto diante

do museo e víronnos saír a todos con globos, bolsas do Hard Rock, ... Pero antes de baixar do taxi, tivemos que pagarlle porque até que lle pagas non che abren a porta. Entón Cris deulle un billete de 10 libras e o total eran cinco e pico. O taxista para redondear deixoulle en 5 libras e así devolveulle xusto outro de 5. Cando llo deu abriuse o seguro das portas, polo que xa puidemos baixar. E Cris díxonos "esperade que me ten que devolver máis" e o taxista díxonos que baixásemos que xa estaba pagado, pero Cris insistiu até que finalmente lle explicamos que nos cobrara de menos e entón baixamos do taxi.


Cando nos reunimos con todos, fomos coller o bus e pasamos xusto polo outro lado da estrada onde pediramos o taxi para ir ao museo. Cando chegamos ao lugar onde nos tiña que recoller o bus, empezamos a cantar todos a grito pelado, e cando xa se deron de cansar de escoitarnos, saíron os



gardas de seguridade e chamáronnos a atención. E de aí a un chisco chegou o bus e marchamos para o hotel, como todos os días.

Foi un dos días que mellor o pasamos e, sobre todo, o que máis rimos.

Aínda que o tempo non nos acompañou, gustoome moito a excursión. O malo era a comida, que o MacDonalds con nós debeu-se de forrar. Pero en xeral, moi ben.



Cristina, Julieta, Carlota, Eloi, Diego, Alejandra e Sara. Escribe Sara



Iuns tocábanos ir á nora xigante de Londres, "The London Eye", pero decidiron cambialo para o martes polo que nos tocou ir ao British Museum, no que estivemos parte da mañá.

Quedaramos ás 15:00 na entrada do museo e, como a iso das 13:00 xa tiñamos todo visto, por iniciativa de Cris (Cristina Barros 1º D) fomos andando a Oxford Street, a rúa das tendas, que hai que dicir que é xigante, levounos hora e media ver as tendas dunha cuarta parte da rúa. Ás 14:30 Diego (Touceda 2º C), Eloi (Carramal 2º A), Alejandra (Caamaño 2º B), Cristina (Barros 1º D) e eu fomos xantar a un MacDonalds, no que case nos fan comer de pé porque non había mesas. Como se nos fixera tarde e estábannos esperando todos no British Museum, quixemos coller un taxi que nos levase e o primeiro que encontramos díxonos que paraba un pouco máis adiante, que xusto onde estabamos non podía parar e empezamos a correr pola beirarrúa

detrás del, ao taxista debeulle de parecer divertido porque fixo un xiro no medio da calzada e cambiou de sentido; e nós, os moi torpes, cruzamos a rúa detrás del. Foi bastante cómico, a verdade. Ao final collemos outro taxi e chegamos ao museo, tarde, pero chegamos.

Entón os profesores leváronnos outra vez a Oxford Street e déronnos tempo libre até as 17:30, que aproveitamos para facer máis compras.

Á hora acordada encontrámonos con todos, logo de ter percorrido a rúa de Oxford Street unhas tres veces, foi un dos días que máis andei.

Os profesores leváronnos a un mercado, do cal aínda agora non lembro o nome (era o Covent Garden) (mireíno na folla).

Volvéronnos a dar tempo libre e Julieta (Tizado 4º B) e Carlota (Enrique 4º A) propuxéronos ir ao Hard Rock, xa que non forramos e queríamos mercar unhas couñas.

Non sabíamos como chegar, así que buscamos

un taxi que nos levara. Unha vez alí compramos todo o que queriamos e despois marchamos. Ao ser más de cinco, tivemos que ir en dous taxis distintos, nun foron Cris, Diego e Carlota, foron os primeiros en marchar; despois paramos nós outro, pero... claro, non nos acordabamos do nome do sitio e Julieta e mais eu intentámos explicar a onde queriamos ir pero o taxista era novo e non parecía que tivera moita idea... O taxista dixo que entraramos, puxo o GPS e arrancou. Mientras íamos no taxi, fixámonos en que nos levaba ás aforas de Londres e en que o taxímetro xa marcaba máis de 10£. De repente parou nunha beira, abriu a porta e díxonos que baixaramos, puidemos marchar sen pagar pero ata non se nos ocurriu. Tan pronto como lle demos o diñeiro marchou sen darnos a volta e deixounos tirados nunha rúa escura. Démonos de conta de que estábamos en "Candem Town", o sitio a onde foramos o día anterior e botámoss a rir. Elio chamou a Cris e preguntoulle o nome do sitio. Por sorte atopamos outro taxi que nos levou sen problemas e que ata nos perdoou algúns peniques, un señor moi amable. Foi unha anécdota graciosa, pasámolo ben e rimos moito, pero custounos unhas 30£ chegar ao Hard Rock e voltar.

Cando chegamos a Carent Garden fomos cear a un Pizza Hut cos outros tres que chegaron sen problemas.


Ceamos pizzas e ao rematar, xa que na rúa ía moi frío, quedamos alí facendo tempo.

Pouco a pouco foise baleirando o restaurante ata que só quedabamos nós e outra mesa máis. Os nosos temas de conversación eran basicamente sobre a nosa vida fecal, peidos, arrotos e demás...

A verdade é que non falabamos moi baixo que digamos, pero como eran ingleses e non nos entendían non nos cortamos nin un pelo. O camaréiro botábanos indirectas para que nos fósemos, pero nós non lle faciamos caso. Ata que os da outra mesa, que nos miraban mal e que pensabamos que eran os donos, faláronnos en castelán e dixéronnos que querían pechar. Fómónos e comezamos a rir, porque probablemente escoitaron toda a nosa conversación.

Marchamos do Pizza Hut e reunímonos cos demás.

A verdade é que foi o dia que mellor o pasei, aínda que o domingo tamén estivo ben, cando



fomos a Candem Town.

A excusión, en xeral, estivo bastante ben e moi divertida, ao que non me acabei de acostumar foi ao de madrugar tanto, porque cada día custábame más e chegaba más tarde, por non falar do cansancio....vou pasar un día enteiro na cama. Pero sen dúbida, repetiría, aínda que trocaría algunas cousas.

## ÉCHANGE LYCÉE GAMBETTA-IES AQUIS CELENIS

### Caldas arrasa por onde pasa

Claudia, Antía e Marisol



**PORTO: 7.48 PM hora portuguesa**

Aeroporto do Porto, valla a redundancia. Todos nerviosos, uns facturan, algúns aproveitan para ir ó baño, outros comen algo para se distraeren. Hai unha cola inmensa, e áinda por riba unha señora inténtasenos colar. O que faltaba! Pero non importa, porque paga a pena esperar.

E, si, este é o comezo da nosa viaxe. Voo Porto- París =)

**NO AVIÓN:** atravesando algun punto da xeografía francesa

Xa estamos chegando. Podemos ver París dende arriba. Pelexamos entre nós por un pequeno anaco de fiestra. Ei! Mirade a torre Eiffel!!! Ai non que é a catedral de Nôtre Dame ... E esa outra cousa... como se chamaba, Arco do Triunfo? Si, iso, Arco do Triunfo! E por alí, polo outro lado, esa si que é a torre Eiffel! O azafato chámamos a



O azafato chámamos a atención. Nada de fotos! E todos nos seus asentos, co cinto posto, que estamos aterrando!

**CHEGAMOS A TERRA:** Aeroporto de París

Algún que outro mareo e maletas en mal estado; pero non importa porque... ESTAMOS EN PARÍS!!!!

Desprazámonos en furgonetas para nove persoas. Contemplamos con atención as preciosas vistas de París pola noite.

**PARÍS: 1:40 AM Hotel Grand Amelot**

Xa chegamos!!! Unha viaxe curta, a verdade. Agora mesmo desfacemos as maletas, chamamos entre cuartos (xa que é gratis) e ceamos cada seu bocadillo dos que nos fixeran as respectivas nais. Mañá comezan as visitas ^^






ía 2

**PARÍS: ó pé da Tour Eiffel  
3.40PM**


Bufffff! París é inmenso! Para percorrer o centro da cidade, soamente o casco vello, é imprescindible coller o metro. No que vai de día visitamos xa a Place de La Bastille, Place des Vosques, o barrio xudeu, o Hôtel de Ville, o centro Pompidu, etc. E o máis importante: Xa subimos á torre Eiffel!!! O malo é que tivemos que subir a pé os dous primeiros pisos porque chegamos tarde....pero o cansanzo pagou a pena! je!



**MUSEO DO LOUVRE 7.46 PM**

É inmenso, precioso....ESPECTACULAR!

Estamos vendo a Mona Lisa, rodeada de turistas e protexida con todo tipo de seguridade, e xa pasamos pola zona medieval e agora dirixímonos á exipcia!



ía 3

**HÔTEL GRAND AMELOT: 8.00**

AM

Almorzando... wau!! Que almorzos más bos fan, e non o digo pola cantidade, senón que pola calidade. Que croissants más bos!! Mmm.... Nutella®<sup>1</sup>

<sup>1</sup> isto é cousa de Antía jeje!

**ATRAVESANDO O RÍO SENA: 10.30 PM**

Hoxe foi outro día incríbel! Nôtre Dame, a Basilique du Sacre Coeur, o Arco de Triunfo, o Moulin Rouge.... O barrio latino, co seu

o Moulin Rouge.... O barrio latino, co seu ambiente propio de estudiantes..... e o mellor do mellor: o paseo polo río Sena. Todos os monumentos iluminados, a Torre Eiffel iluminada é IMPRESIONANTE!

Pasámolo xenial ensinándolle a París as nosas cancións: *O Miudiño, a Macarena, a Rianxeira....*

Tamén lle pedimos "BISOUS" a todas as parellas que paseaban pola beira do río.

Un grupo de estudiantes españoles, que tamén fan no barco, quedaron alucinados connosco.

Só un día... un día para coñecernos... despois de tanto tempo escribíndonos, falando polo chat, facendo videos... e xa é mañá!!





ía 4

HABITACIÓN DO HOTEL: 7.30  
AM

Soa a alarma do móvil. 5 minutos más!!! Pasamos toda a noite xuntas, falando e gastándolle bromas a xente que estaba durmida (Claudia).

Levantámonos e recollemos a habitación, que estaba feita unha merda moi desordenada. Revisamos ben o lugar para comprobar que non nos quedara nada, pois xa non volveríamos máis a París nesta viaxe =)

#### ALMORZO: 8.00 AM

Caras con sono e estensas olleiras. Sorte que algunas trouxeron gafas de sol. Almorzamos ben, e incluso colamos algunas gotas de café( e Nutella xD) no Cola Cao. Necesitamos enerxía. Hoxe vai ser un gran día!



ías que ARRASaron

PAS-DE-CALAIS—NORD DE LA  
FRANCE

#### Extractos do diario de estancia


*...ando cheguei á casa da miña familia pareceume unha familia perfecta! Quedaría a vivir alí por moito más tempo. (Yanire)*

*Todo esta viaxe foi xenial!! París increíble, é unha das cidades que más me gustaron, das que visitei. Paréceme unha cidade irreal (os seus edificios, a xente, os xardíns....). En Arras a miña correspondente, Marine, moi aberta, estabamos todo o dia falando e a familia igual. Arras é precioso.... EU (L) INTERCAMBIO (Cistina Sánchez)*

*Pasei toda a estancia en Arras dicindo bit (pene) no canto de vite (rápido), porque non sabía a diferenza ata que a miña correspondente me explicou os significados (Alba)*

*Encantoume Francia, pareceume preciosa! Persoalmente gustoome moito más París, aínda que Arras tamén ten o seu encanto, sobre todo pola xente!! Loxicamente non nos levamos con todos os alumnos, aínda que tiven más relación con Morgan, Valentine, Stephanie e Amélie!! Aínda non chegamos a Caldas e xa os boto de menos! Houbo un gran cambio de horarios e non nos chegamos a acostumar de todo, pero igualmente adaptámonos bastante ben.*

*Tiven sorte porque só tiven que asistir ás clases do Sábado e ben....foron moi aburridas!!*



*Paréceme absurdo o de ter dúas horas seguidas da mesma materia.*

*Agora estamos sobre a ponte de Rande e este ceo encapotado entristece a calquera. Tivemos moi bo tempo en Francia.*

*Concluíndo este "diario" debo dicir que en xeral aprendemos frases do día a día e melloramos a pronunciación.*

#### ***ENCANTOUME ESTA EXPERIENCIA!!!!***

*E tiven moita sorte coa miña correspondente porque me trataron moi ben.*

*E áinda que chegabamos tarde (Noe e eu) a todos os lugares, logramos ter moitas fotos de todo o importante (para nos as dúas). Tamén coñecemos moita xente que foi moiito mellor do que pensabamos, ainda que tanto Noe coma miñ estarmos moi desilusionadas porque levamos roupa para -3°C e ó final fixo calor!! =) (Laura Insua)*

*Hoxe a alarma espertoume ás 6.30 AM. Non me quería levantar, xa me acostumara ao novo horario, pero sabía que cada paso que dese estaría más cerca de irme. Baixei as escaleiras amodo, consciente de que probablemente fose a última vez que almorzase nesa casa, con esa familia, durante esa semana, a miña familia.*

*Cando cheguei ó Lycée Gambetta observei que non era a que peor estaba. Moitas caras tristes e algún outro choro eran a única paisaxe que puiden contemplar.*


*Os nosos correspondants acompañáronos ata a estación de tren, onde nos despedimos desexando que esas 4 semanas pasen o máis rápido posible para poder volver a atoparnos*



## FOTO GALERÍA DO INTERCAMBIO EN CALDAS

Velaquí unha pequena lembranza gráfica da singular experiencia educativa e vital deste intercambio co liceo Gambetta de Arras que tan bo sabor de boca nos deixou. E un millón de bicos para Silvia, a profe de francés e armadanazas.

*Festa de benvida no insti*



*Recital de poesía francesa*



*Andaina e baño na Barosa*



*Recepción na Casa do Concello*



*Saída a Ribeira, Baroña e Cortegada*




*A despedida SNIFFF*



## CONVERS-ANDO

### CLAUDIA E LORENA FALAN CON CARLOS NEGRO



**C**arlos Negro é o autor, entre outras obras, de *Makinaria*, unha obra poética que moitos de nós lemos neste curso.

Trátase dun texto no que o autor pretende achegarnos unha reflexión sobre a vida-morte que derrocha algunha parte da xuventude galega. Podémonos ver máis ou menos representados nos protagonistas pero non hai dúbida de que a lectura que fixemos deste texto e o recital co que o autor nos agasallou o pasado 26 de maio resultounos moi interesante. Por iso dedicámos compartir convosco uns minutíños con este poeta.

- Ola!
- Nerviosas???
- Ha, ha, ha! Un pouco.
- Por que elixiu este tema para facer o seu libro?
- Pois porque o tiña cerca, é dicir, vitalmente. Ó dar clase a rapaces sempre había un grupo que estaba un pouco obsesionado co tema este da velocidade e dos coches, que sabían moiísimo sobre todo isto e tamén tiñan expresións e unha linguaxe particular para referirse a ese mundo. Entón empezou a interesarme un pouco como actuaban e como sentían e puxen a orella para escutar como falaban. A partir





de aí fóiseme ocorrendo pouco a pouco que quizais había aí tema para facer uns poemas con esa linguaxe de xerga xuvenil propia dese mundo.

- Vostede cre....

- Non, ti , tratádeme de ti.

- Ben... Ti cres que ese é o modelo da xuventude de hoxe en dia?


- Non, non para nada... o que non quero é que a xente caia no erro de pensar que a xuventude de hoxe en día é como a que sae no libro. Ademais creo que, afortunadamente, hoxe en día hai moita más diversidade de intereses, de ilusións, de formas de pensar... Eu son moi defensor da mocidade. Creo que non viven nun mundo fácil, como é obvio, pero si é verdade que existe un pequeno grupo da mocidade que vive un pouco metido nesa cultura de vivir ó día e non pensar para nada no futuro. E coido que iso a longo prazo non é bo porque non hai reflexión sobre o que significa a vida.

- No libro aparece un personaxe principal que é o que fala en case toda a historia. Inspirácheste en alguén para o papel de protagonista?

- Non, a verdade é que non partín dun personaxe real, pero si que é verdade que os rapaces de Dodro falábanme dun rapaz ó que chamaban "Makinaria" a quen lle gustaba moito o tema dos coches e que tamén tivera algún que outro accidente, e ben, de aí se me ocorreu o nome do libro.

- Cal é o motivo polo que elixes escribir poesía?

- Pois porque para min a poesía é o espazo



da liberdade, é dicir, faíme sentir ben. Escribir poesía paréceme que é unha forma de expresarse distinta. Permítome ser más feliz escribir poesía.

- Como compaxinas o teu traballo de profesor co de escritor?

- Pois con algo de esforzo! (risos) Pois intentando aproveitar ben o día e buscando anaquiños de tempo para estar a soas para pensar e para escribir, aínda que ás veces o máis difícil non é escribir senón pensar primeiro do que se vai escribir.

- A túa vida de profesor insprírate para escribir sobre a xuventude de hoxe en dia?

- Ben, eu aparte de *Makinaria* escribín outros libros e este si que é verdade que trata sobre un ámbito que está preto de min, mais no resto dos libros busquei temas diversos.





- E ben... respecto á situación do galego... cal cre que é a súa situación actual?

- Ben... ese é un tema complexo, non? Porque eu coido que hai un sector de poboación que está orgulloso e orgullosa de falar en galego e que non ten xa ningún complexo de andar polo mundo e disfrutar do seu idioma coma calquera outro idioma do mundo. E a esa xente eu anímoa, sobre todo a esa xente, a que perda o medo a falar en galego en tódolos sitios. E, despois, están as circunstancias políticas que ás veces demostran que seguen existindo prexuízos e xente que non quere o seu idioma e iso é algo moi triste. Eu creo que a mellor defensa contra esas agresións é usar o idioma na nosa vida cotiá con normalidade e saber que temos que estar orgullosos de ter un idioma que é unha riqueza case ecolólica e cultural.

- Que pensas da aprobación do novo Decreto?


- Creo que é un erro porque nese Decreto parten dun suposto falso que é que o galego e o castelán están ao mesmo nivel de prestixio na sociedade. Está favorecendo ao forte fronte o débil e eu penso que é un

erro histórico dos políticos. É un Decreto que pretende encerrar o idioma, poñerlle cancelas e limitalo como se houbese algún problema en impartir as Matemáticas ou a Tecnoloxía en galego, e ainda por riba está facendo caer a responsabilidade nos pais e nas nais, e os políticos están para tomar decisións e non para cargalas nos pais e nais.

- Cal cres que é a situación da literatura en galego?

- Pois eu creo que non podo ser moi obxectivo pero, como lector que intento estar ao día nas novidades, digo que é unha literatura moi viva, sobre todo moi pura e que ofrece moitos tipos de temática e de estilos. Pero é unha boa situación a nivel de creación, non tanto quizais no nivel da publicidade. Hai como certa tendencia a que non debe estar nos escaparates das librerías. É unha literatura viva, plural e harmónica e creo que hai que insistir un pouco máis na promoción.

- A literatura galega non ten moito éxito na xuventude, cres que necesita unha renovación ou que o profesorado se volque más....?





- Non estou nada de acordo con que a literatura galega non ten éxito entre a xuventude. Desmíntoo completamente e poño un exemplo por non citar máis: Agustín Fernández Paz é o escritor probablemente más lido en Galiza e é o que leva vendidos centos de miles de libros, e quen le a este escritor é a xuventude e creo que iso desminte que a literatura galega non teña éxito entre a xuventude. E temos editoriais como Kalandraka de literatura infantil e xuvenil que está entre as mellores do mundo e que van ás feiras internacionais e arrasan. Entón É FALSO que a literatura galega non ten éxito na xuventude!! O que pasa é que hai moito profesorado que non axuda a difundila e ás veces tamén os medios de comunicación tam poco axudan moito. E a verdade é que a literatura galega sempre estivo vista como aburrida e eu non vexo que a xente que a le se aburra tanto cando a le, creo que iso é algo que tedes que decidir vós.


- Cando comezaches a escribir?

- Pois relativamente tarde en comparación con outra xente, más ou menos na etapa da universidade, cando estaba facendo a carreira. Empecei dunha forma un pouco casual facendo uns relatos e contos, e co paso do tempo deime de conta de que me gustaba moito.

- E ben, para rematar, cres que todos podemos escribir ou que hai xente que nace con ese talento?

- Non é unha cuestión que me preocupe en exceso, creo que non é necesario que todo o mundo sexa escritor ou escritora. Evidentemente, é como os atletas, hai xente

que nace con certa predisposición para practicar un deporte pero se non se adestra non se forma e non chega a nada. Cos escritores e escritoras pasa o mesmo, tamén se forman mediante lecturas, facendo borradores... Si que é verdade que hai xente que nace con certo talento, pero ese talento hai que practicalo e traballalo moito. Só con talento non te convertes en escritor ou escritora. Eu creo que non é necesario que sexamos todos escritores ou escritoras, o que si creo é que sería importante que vivísemos nunha sociedade de lectores e lectoras. O problema non é que non teñamos escritores, o problema é que non haxa lectores.



## POLIPOESÍA NO DIA DA PAZ



Celebración do Día da Paz (29 de xaneiro). Membros do club de lectura len textos e poemas musicados de Vian, Bretsch, Diestee e Celso Emilio Ferreiro. A acción desenvólvese no corredor do instituto e tamén conxuntamente co CPI Alfonso VII na Biblioteca Municipal



## Editorial

1

## Normaliz-acción

Rapgueifas da lingua	2
----------------------	---

## Eu falo tv

## Cre-acción

Relatos	6
Poesía	8
Concurso de micropoemas	14

Concurso de microrrelatos	15
---------------------------	----

## Colabor-acciones

Club de lectura	18
Grupo de Igualdade	19
Como perdemos o tempo	20

1, 2, 3 acción

Na sala de profes	21
Vocabulario básico	22
Parabéns, para químico	23

## A chorar a Caldas

Ser de 1C e non morrer no intento	24
Chorar por chorar	25

## Viax-ando

Proxecto Terra en Porto	26
Botando o mar terra adentro	27

Intercambio territorial Cebreiro-Samos	29
Viaxe cultural a Londres	30
Échange Lycée Gambetta-IES Aquis Celenis	34

## Convers-ando

Entrevista ao escritor Carlos Negro	39
Polipoesía no Dia da Paz	43





Queremos aprender en GALEGO

